
Las siete columnas ou a controversia dun premio

The Seven Pillars or the controversy of a prize

ALICIA LONGUEIRA MORIS

FUNDACIÓN WENCESLAO
FERNÁNDEZ FLÓREZ

Resumen

Este traballo está centrado na novela *Las siete columnas*, do escritor Wenceslao Fernández Flórez. Ao longo do artigo faise un percorrido polo impacto que tivo a novela na crítica do seu tempo. Ademais, a polémica derivada da concesión do Premio Nacional de Literatura en 1927, compartido con Pérez de Ayala e Concha Espina contribuíu a fomentar a popularidade da novela e tamén das dos seus colegas.

Palabras clave: sátira, premio, polémica, crítica.

Abstract

This work is focused on the novel *Las siete columnas*, by the writer Wenceslao Fernández Flórez. Throughout the article a tour is made of the impact the novel had on the critique of its time. In addition, the controversy derived from the concession of the National Prize of Literature in 1927, shared with Pérez de Ayala and Concha Espina contributed to foment the popularity of the novel and also of those of its colleagues.

Keywords: satire, prize, controversy, criticism

A novela *Las siete columnas* viu a luz por vez primeira no ano 1926. Cabe deducir, como veremos máis adiante, que a súa aparición nas librerías se produciu despois dunha profunda loita interior do autor consigo mesmo. De feito, é unha

obra complexa por diversas cuestións, aínda que, inicialmente, destacaremos dúas fundamentais: por unha parte, debido á cantidade de personaxes que nela aparecen retratados, o que Wenceslao define como “la turba humana”; por outra parte, a causa do número de accións que se presentan e nas que se ven inmersas as distintas personaxes. Con tal motivo, a lectura desta novela pódese levar a cabo desde unha perspectiva xeral, que familiarice ao lector coa temática exposta e nada máis. Sen embargo, se a persoa que se enfrenta a ela sinte de súpeto a picadela provocada polo aguillón da curiosidade e sinte que necesita levar a cabo máis fondas indagacións, entón talvez deberá facer unha segunda lectura máis repousada, mesmo anotada, para dialogar co autor a través das personaxes e tratar así de captar en toda a súa dimensión a controvertida teoría presentada polo autor.

Esta obra, pola que Fernández Flórez obtivo en 1927 “unha parte” do Premio Nacional de Literatura, forma parte dun conxunto de novelas que agrupou nun único volume ao que chamou *Las novelas del espino en flor*, que foi publicado en 1940 por Ediciones Españolas e no que tamén aparecen *El secreto de Barba Azul* e *o Relato inmoral*.

No prólogo desta edición conxunta comeza o autor manifestando a desconfianza que sinte no feito de afirmar que estas tres poidan ser as súas mellores novelas. De feito, confesa ter estado a punto de lanzar pola xanela duascenas páxinas de *Las siete columnas* ante o seu descontento co traballo escrito. Aínda así, unha vez superada esta crise, o libro acabou por imprimirse e mesmo acadou moi

boas críticas. Ademais, foi lido con entusiasmo por un gran número de lectores e, por riba disto, é unha das novelas máis traducidas do escritor, pois pode lerse, cando menos, en inglés, en italiano, en polaco, en portugués e mesmo en xaponés.

Neste prólogo, Fernández Flórez recoñece tres etapas na súa traxectoria como escritor. Nunha primeira etapa que poderíamos denominar “de aprendizaxe”, Wenceslao afirma ter sometido o seu pensamento á idea compartida pola maioría dos lectores españoles de que “sólo es literatura buena aquella que incita al lagrimeo”. Desá época son algúns relatos que nunca apareceron nas súas Obras Completas. Unha segunda etapa corresponderíase coa súa chegada a Madrid, en 1914. Dous anos despois de instalarse na capital, empeza a escribir as crónicas parlamentarias de *ABC* e, poucos meses despois, recibe o Premio do Círculo de Bellas Artes por *Volvoreta*. Pode considerarse que esta novela, xunto con *La procesión de los días*, marca o inicio dunha nova etapa na traxectoria literaria de Fernández Flórez e, posiblemente, nelas poidamos identificar certos tintes autobiográficos. Define o escritor estas obras, xunto con *Ha entrado un ladrón* e *Tragedias de la vida vulgar*, entre outras, como novelas realistas, inspiradas na observación do mundo circundante.

Superada a necesidade de relatar dun xeito pasivo as accións humanas, o escritor sinte o desexo de intervir e modificar os sentimentos da humanidade para retratalos amoldándoos á súa opinión, ás súas propias reaccións e carácter. Dentro deste marco, atópanse as tres novelas que forman *Las novelas del espino en flor*. Nelas, o espírito burlón e satírico loita contra todo aquilo que descontenta ao escritor. Son un acto de rebeldía. Son unha creación propiciada polas experiencias persoais vividas e pola experiencia adquirida no eido profesional.

Do descontento provocado pola Gran Guerra e polas catástrofes xeradas a partir dela xurde a vacilación e o descreimento. Cae o telón que agocha as miserias humanas e o branco aparece como negro e o bo como malo. E entón cando xorde o escepticismo e a incomodidade que levaron a Fernández Flórez a escribir *El secreto de Barba Azul* e, posteriormente, *Las siete columnas*. O propio autor define esta última novela como unha “decidida sátira contra la moral contemporánea”.

En calquera destas dúas obras o protagonista único é o mundo e no mundo descrito teñen lugar infinidade de acontecementos nos que están implicados grande número de personaxes. A trama central da historia está chea de referencias a outras historias pasadas, fábulas, contos e exemplificacións, algo que xa acontecía en *El secreto de Barba Azul*. E todo isto non acontece nun lugar concreto porque, en palabras do propio escritor, estas “no son novelas españolas, sino terráqueas”. E engade: “No son sátiras contra lo nuestro, sino contra lo de todos”.

1. Intención innovadora do autor

Estas novelas xurden co afán de romper co seu propio estilo anterior e, ao mesmo tempo, co que de romper cos temas e formatos da novela contemporánea da época. En relación con isto, debemos indicar que Wenceslao fixo pública esta preocupación en varias ocasións en diferentes entrevistas. Esta innovación, para Fernández Flórez, non é necesaria tan só na novela, á que considera un formato superior, senón tamén no teatro. Á arte de Talía pensaba dedicar Wenceslao o seu tempo e a súa fantasía para crear unha obra extravagante porque, na súa opinión, tamén o teatro precisaba naquela altura un cambio temático e técnico. Na sección “La página teatral del Herald”, por exemplo, contáballe a José Luis Salado que “no creo en la técnica teatral [...]. ¡Es mover bien los muñecos, es justificar la entrada y la salida de personajes, es terminar con oportunidad los actos! Yo quiero ir al teatro libre de esas preocupaciones tontas”. Sobre esta necesidade de cambio aínda dirá a E. Estévez-Ortega que a novela está en crise porque “los escritores modernos no tienen poder creador ninguno. Es una literatura “nueva” pero llena de tópicos ya...”

Nunha entrevista a José Montero Alonso, para a sección “El libro”, do periódico *La Libertad*, tamén fala Wenceslao da súa preocupación estética, da búsqueda de novos ritmos: “El escritor ha de caminar siempre en vanguardia, ha de sentir los problemas y las torturas de su época. No debe nunca estacionarse, no debe nunca reflejar problemas y torturas que ya pasaron: Su interés debe ir hacia los temas nuevos que tengan una emoción del día”. Esta entrevista concédeala no tempo en que escribe *Las siete columnas*. Polo tanto, fala no momento

en que a súa preocupación estilística é maior, xustocando se tiña publicada a novela *El secreto de Barba Azul*, que ten unha mesma raíz. Sobre ela di:

Su asunto es, como en *El secreto*, complejo, sus personajes múltiples; su acción, muy movida... Dentro de su unidad superior, tiene vida y diversidad de mosaico. En realidad no tiene protagonista. Protagonista y coro a la vez de la novela es la muchedumbre, que bulle, que grita, que sufre, que ama, que canta. Trabrar, dar vida, novelizar a una gran cantidad de elementos muy diversos era difícilísimo... Por eso el libro me ha costado –me está costando aún– un gran trabajo... (Fernández Flórez, 1926)

Este xeito de escribir a historia foi moi debatido. De feito, sobre os comentarios que suscitan estas últimas obras de Wenceslao, quéixase ante Estévez-Ortega porque algúns críticos aínda lle botan en cara que estas novelas non teñan protagonista: “Ya lo sé”, afirma rotundamente o escritor, e engade:

Son sátiras contra los males de la Humanidad. Hacer un tipo que compendiese la Humanidad entera sería espantoso. Yo no aspiro a hacer monstruos... También se me ha censurado que mis personajes son *muñecos*. Ciertamente, lo son; pero deliberadamente. Es decir, son hombres vestidos de muñecos; tienen cierta rigidez, porque me he propuesto hacer de ellos síntesis. (Fernández Flórez, 1926)

E remata indicando que a novela de estudo de psicoloxías pode explicarse lendo a Freud.

Este afán de Wenceslao por camiñar da man da modernidade buscando unha vangarda que a España chegou un pouco tarde en relación con outros puntos de Europa vese no interese que, por exemplo, amosou polo cinematógrafo, o que se confirma coa súa traxectoria vital, na que se mestura, xunto co xornalismo e a literatura, o cine dun xeito moi prolífico. Esta intención de transformación renovadora xa se manifestara no seu artigo “Eximente de raza”, publicado en *El Noroeste* o 11 de maio de 1911, onde afirmaba, comentando diversas disciplinas artísticas, que a arte está en cambio constante: “el Arte no se pone un traje más de una vez”. Resulta contradictorio atopar catro anos máis tarde (o 17 de marzo de 1915) un artigo publicado

en *El Día Gráfico*, de Barcelona, onde, falando dos “cubistas”, escribe:

[...] yo soy siempre un gran devoto de las personas de buen humor; los cubistas no son otra cosa: gente feliz que no tiene mayores preocupaciones y que se consagran a “quedarse” con el prójimo, arrastrándolo a la estupefacción ante sus pinturas, de una arbitrariedad insuperable. (Fernández Flórez, 1915)

Esta peculiar visión sobre o cubismo, “esa extraña locura”, dá unha idea do efecto que tal manifestación artística provocou no escritor a primeira vez que se enfrentou a unha obra pictórica desta índole. A exposición á que se refire Wenceslao é “Los pintores íntegros”, posta a disposición do público no Salón Arte Moderno, organizada por Ramón Gómez de la Serna, que estivo aberta entre o 5 e o 15 de marzo de 1915. Nela participaron Agustín, *el Choco*, Luís Bagaría, María Gutiérrez (Blanchard) e Diego Rivera.

Sen embargo, debemos apuntar que nestes anos en que Wenceslao demanda un cambio na literatura aparecen certas manifestacións que poderíamos calificar como futuristas nalgunha das súas propias obras, como no colofón fantástico de *El hombre que compró un automóvil* ou o poema final de *El malvado Carabel*. Sobre este aspecto pode lerse o traballo de Pilar Couto Cantero titulado “Indicios futuristas en la estética y la obra literaria de Fernández Flórez”. Lembremos que é neste momento cando están en boga os novos e rompedores movementos artísticos: véxase o caso de Ramón Gómez de la Serna e as súas greguerías, a notable influencia de Picasso nos artistas de principios de século ou Ortega y Gasset e súa *Revista de Occidente*.

Mais voltando á cuestión literaria sobre o estilo que ha de ter, na súa opinión, a novela di: “Ya lo dijo Menéndez Pelayo: *El mejor estilo es el que no lo parece*. La novela debe dar la sensación de que no hay palabras. Que el lector lea sin darse cuenta de que lee: para eso procuro yo huir de toda palabra poco usual”. É esta característica a que fai que nos atopemos con fragmentos da obra de Wenceslao en libros de texto para estudantes de español de orixe inglesa e francesa: a calidade literaria sumada á aparente sinxeleza semántica son algúns dos valores sobre os que se fundamenta este feito.

A esta inquietude fronte á necesidade de innovación, únese o feito de que, na súa opinión, en España non se coñece o humorismo: confúndese co festivo, co chistoso. Wenceslao reivindicou en numerosas ocasións que a súa obra fose considerada como merecía e non como un xénero menor por empregar o humorismo na súa creación. Ata tal punto o fixo, que afirmaba na entrevista a E. Estévez-Ortega que “soy de los autores que han tenido y tienen menos crítica. De mis libros se ha hablado y se habla, pero son glosas. La crítica debe desentrañar la idea del autor: no creo que influya en el escritor, pero debe enseñar y orientar a la gente”.

A causa da publicación conxunta das *Novelas del espio en flor* (cando menos das dúas primeiras obras) ofrécea o propio escritor no prólogo desta recompilación publicada en 1940. Á marxe do seu carácter rompedor, di: “se trata de tres obras satíricas en las que intenté algo más que referir un caso particular, al estilo de la mayoría de las novelas”. Pouco máis adiante, engade:

Lo que me enseñaron mis maestros y mis lecturas en la juventud ha sido repudiado ya antes de que alcanzase la madurez. Las que antes parecían verdades, trocábanse en falacias: la razón, el discurso humano, perdieron apoyos sobre los que antes caminaban con una ilusión de seguridad. (Fernández Flórez, 1940)

Isto provoca no escritor unha certa incomodidade e mesmo un certo excepticismo, como xa adiantamos. Son estes dous elementos os que o conducen a escribir *Las siete columnas* e *El secreto de Barba Azul*, novelas en que, a pesar de aparecer multitude de personaxes, o gran protagonista é o mundo: poderíamos afirmar que están pensadas cunha proxección universal. Como universal será, aínda que cun ton máis melancólico, a esencia da máis famosa das súas obras, *El bosque animado*.

2. A opinión da crítica

Fernández Flórez sempre sentíu certa decepción fronte aos críticos que se ocuparon das súas obras nas páxinas dos xornais e das revistas literarias. Talvez a personaxe de Héctor Azil, o crítico literario da novela que nos ocupa, teña algo que ver con algún dos que, para ben ou para mal, comentaron as

súas obras. Aínda así, a novela *Las siete columnas*, publicada no ano 1926, foi recibida pola crítica con gran interese. Vexamos a continuación algúns comentarios que apareceron na prensa da época pouco tempo despois da súa publicación.

O 26 de febreiro de 1926, José Montero Alonso entrevistou a Fernández Flórez dentro da sección “El libro”, do periódico *La libertad*. No intre en que se produce este encontro, Wenceslao acaba de publicar *El secreto de Barba Azul* e está traballando xa en *Las siete columnas*. Nas primeiras liñas da entrevista destaca de inmediato a necesidade de crear unha nova literatura que, máis aló da traxedia sanguinolenta propia da época faga asomar aos beizos do lector un sorriso irónico, matiz singular que, segundo el, caracteriza ao home que está máis aló do ben o do mal.

Fernández Flórez afirma que a novela moderna debe buscar novos ritmos, adoptar temáticas de pura actualidade e afastarse daquelas preocupacións que, pola evolución da sociedade, xa non teñen razón de ser. Así pois, o escritor explica que as temáticas de índole amorosa, as relacións típicas entre home e muller, xa non son un problema, xa non poden ofrecer satisfacción se non é a lectores cuxas ansias eróticas están insatisfeitas.

Velaquí a razón de escribir *El secreto de Barba Azul* e *Las siete columnas*, novelas corais, cheas de personaxes característicos nas que non hai un protagonista destacado. En palabras do escritor: “Protagonista y coro a la vez de la novela es la muchedumbre, que bulle, que grita, que sufre, que ama, que canta”. E, en efecto, en *Las siete columnas* aparece un moisaico de personaxes cargados de tribulacións e de inquietudes que deambulan dun capítulo a outro buscando un sentido á súa existencia.

Común a todos eles é a necesidade de atopar algo que explique a súa razón de ser. Ese motor, en palabras de Fernández Flórez, son as sete columnas que sosteñen o mundo e que representan os sete pecados capitais. Se os devanditos pecados desaparecen, a boa marcha da humanidade cambiará o seu rumbo cara un perigoso estatismo. A pesar desta afirmación, o escritor afirma que “el libro tiene, paradójicamente, una intención moral”. Esta circunstancia temática deulle bastantes problemas a Fernández Flórez porque a crítica, na súa opinión, non soubo entender a súa mensaxe.

Como curiosidade, destacamos aquí o feito de que nesta entrevista anticipa xa a súa idea de escribir unha novela ambientada nun bosque, onde as personaxes sexan a flora e a fauna dunha fraga galega: o que despois será *El bosque animado*, publicado en 1943. Este espírito de conexión coa Natureza en xeral (e con Galicia en particular) está presente en moitas das súas obras. Tamén en *Las siete columnas*, na descrición bucólica da vida de Abdías Marzán no entorno natural. Ademais, tamén adianta Fernández Flórez aos lectores a idea de recrear nunha próxima novela a figura do home que quere ser “malo” e non é capaz, *El malvado Carabel*.

A pesar dos eloxios dunha gran parte da crítica, o 30 de abril de 1926, no periódico *La Libertad*, Rafael Cansinos-Assens, bo amigo de Concha Espina, pon unha de cal e outra de area ao comentar a novela de Fernández Flórez. Despois de facer un repaso pola traxectoria literaria e periodística do escritor galego, Cansinos-Assens ve en Fernández Flórez e nas súas novelas máis recentes ao escritor que “si bien [...] suele darnos a veces la impresión de un mero escritor festivo, en general emplea una técnica más complicada y noble, más internacional y moderna, construida con elementos puramente intelectuales y obtenida por un sistema personal de adecuación de valores o una sutil y caprichosa esquematización”. É neste contexto cando, segundo o crítico, Wenceslao se afasta do seu galeguismo e do ton lírico de *Volvoreta*. Isto implica, para Cansinos-Assens, que “la fórmula literaria de Fernández Flórez no nos parece bien trabada y batida en la complejidad de sus elementos”. Para o crítico, non debería ter saído Wenceslao da liña estilística da súa primeira novela, premiada polo Círculo de Bellas Artes de Madrid en 1917, e domindada polo espírito da verosimilitude.

Pero, manter a liña de *Volvoreta* significaría opoñerse á evolución. E Wenceslao estaba, nesta altura, preocupado pola modernización da novela española. Resulta curiosa esta crítica se pensamos que Cansinos-Assens foi un dos principais defensores do Ultraísmo, movemento vanguardista español.

Por outra parte, Emilio Carrere publica en *El Imparcial*, o 7 de xullo de 1926, a crónica “El humorismo dramático”. No seu comentario plantexa a súa idea xeral da novela: “la irreconciliable incompatibilidad entre el catolicismo y la civilización”. A idea desta rotunda afirmación desenvólvea o crítico acto

seguido para afirmar que “vivimos bajo el imperio del Diablo”. Sexa como for, na novela Satanás aparece malogrado e deprimido, pois a humanidade desatada, vendida a todas as tentacións promovidas a través dos sete pecados capitais, apenas fala xa do diaño como non sexa para lanzar unha imprecación. Semella que o tempo en que o medo ao Inferno e a aspiración a unha vida virtuosa foron superadas pola satisfacción das necesidades inmediatas, sen pensar nas consecuencias futuras. Nun mundo en que xa non son necesarios nin Deus nin Satanás, onde o ego persoal está por riba de todo, sucumbir ante algún (ou algúns simultaneamente) dos sete pecados é un modo de vida normal e imparabile. O avance da humanidade segue o ritmo imparabile do progreso industrial. De feito, imparables foron as consecuencias dos avances iniciados coa Revolución Industrial que tan ben describiu Alvaro de Campos, un dos heterónimos de Fernando Pessoa, cando en 1914 escribiu a súa “Ode Triunfal”. A descrición atronadora da fábrica, da maquinaria enxordecedora que traballa co tesón rítmico da mecánica, etc., lévamos dalgunha maneira á escura, triste e sinistra cidade de Negrimia, onde se ubican os Altos Fornos¹ en que traballa o final dos seus días Abdías Marzán, unha das personaxes que máis ternura inspira dentro da novela.

Sen embargo, a conclusión do lector que afirme rotundamente que os sete pecados son a única base do progreso, caerá nun erro simple. Non é tal a intención moral de Fernández Flórez, da que falaba na entrevista a Montero Alonso. A conclusión final debe basearse nun equilibrio entre o Ben e o Mal, pero sen caer no extremismo dunha beatitude inmovilizadora ou dunha pecaminosa e desmedida ambición. Máis ben, o individuo debe aplicar algo así como o famoso aforismo “coñécete a ti mesmo”. E aínda deberíamos engadir a isto, seguindo a liña argumental de Philip Zimbardo na súa obra *El efecto Lucifer. El porqué del mal*, “coñécete e obsérvate a ti mesmo”.

Verdadeiramente, parece lóxico pensar que só aqueles que saben manter o equilibrio e que, con templanza, acometen as máis complexas e arriscadas empresas atentos ao seu proceder, poderán acadar un éxito emparexado cunha certa satisfacción e sabendo discernir, ao fin, entre os amigos sinceros e aqueles que só se conducen polo interés. É doado sucumbir. O difícil e meritorio é

saber manter o equilibrio. O equívoco oriental ao *Yin* e o *Yan*, o Ben e o Mal como forzas complementarias. En palabras de Carrere: “la justicia debe estar equidistante de los dos extremos: la religión entre la ciencia y la fe y la armonía social entre la autoridad y la libertad. *Las siete columnas* no es una obra anticristiana –esperanza de nuestro más allá–, sinó una sátira contra cierto ascetismo, delirante, incompatible con la civilización actual”.

Andrenio, pseudónimo de Eduardo Gómez de Baquero, publicou un artigo no xornal *La Voz*, o 1 de xullo de 1926, na sección “Aspectos”, que levou por título “El diablo de moda”. Para *Andrenio*, o antecedente desta sátira está na “teoría das paixóns” de Charles Fourier. Isto pode entenderse se vemos que Fourier propoñía coa súa teoría a non represión das paixóns humanas, pois a devandita represión provocaría un conflito no individuo ao afastalo da súa propia natureza. A paixón amorosa, a ambición, a familia, a interrelación da felicidade duns homes con outros, son algunhas das temáticas sobre as que Fourier expón a súa teoría. Así acontece con moitas das personaxes de *Las siete columnas*, que perseguen continuamente cadansúa paixón. Ao extinguirse esta paixón (os sete pecados) a humanidade, cada un dos individuos que a conforman, perde dalgún xeito a súa razón de vivir e a posibilidade de acadar a felicidade ao adentrarse nun lamacento mar de indiferencia.

Ademais do anteriormente exposto, *Andrenio* destaca “la feliz armonía de las imágenes y una visión sagaz de la comedia humana, que es su asunto”. Para o crítico, a sátira destaca, a pesar de ser sátira, pola súa cordialidade en momentos de gran delicadeza como o caso da filla de Abdías Marzán. E establece comparacións con outros grandes satíricos europeos como Voltaire, Anatole France (e a súa obra *A illa dos pingüíns*) ou o escritor portugués, tan admirado por Fernández Flórez, autor da famosa novela *O crime do Padre Amaro* e dalgunhas das máis agudas crónicas políticas do seu país, Eça de Queiroz.

E conclúe, o autor da crítica, admirando a prolífica estirpe de escritores galegos que, desde Rosalía de Castro e Curros Enríquez, pasando por Emilia Pardo Bazán e Valle-Inclán, chega a Wenceslao Fernández Flórez, considerado como unha das grandes figuras da literatura do momento.

Antonio Fernández Escobés, periodista e

escritor, tamén escribiu unha reseña da novela en *El Consultor Gráfico*, publicada o 1 de marzo de 1927 na que destacaba o carácter paradóxico de Fernández Flórez, a quen califica de escritor pesimista que, sen embargo, está convencido de que, non habería que esforzarse moito para que a vida fose algo mellor e máis razoable; un xornalista a quen despiden dun xornal por non ter dotes para exercer a profesión e que, a pesar diso, acaba por triunfar como autor das coñecidas “Acotaciones de un oyente” do diario *ABC*.

Para Fernández Escobés, Wenceslao representa o escritor que está máis próximo ao romántico “Fígaro” que ao namorado Quevedo, pois recobre con certa bonhomía a sátira aguda e punzante. Con esta novela, Fernández Flórez aporta un aire fresco ao panorama literario do momento, dotándoo dun estilo novidoso e influínte.

Despois de dar un repaso polas estampas máis diverxentes da novela, o autor desta favorable e entusiasta crítica, escribe:

Este contraste [o paradóxico espírito do escritor] es lógico y humano, no habiéndose podido sustraer a él ningún humorista ni satírico alguno, de Quevedo a Mark Twain, pasando por los Fischer; de Fernández Flórez a Marcial, pasando por Fígaro... Diríase que, lacerados por el dolor y sintiendo una compasión enorme hacia el género humano, decidieron alegrar su existencia, aún a costa de su propia amargura encerrada. Pero, a veces, la realidad puede más que la piadosa farsa y, rompiendo la amargura de su cárcel, asoma su rostro triste por los puntos de la pluma; se burla del escritor y escapa para quedarse en las cuartillas definitivamente. (Fernández Escobés, 1927, 26)

De todos os citados anteriormente, quedarémonos agora con Mark Twain, autor do relato *O forasteiro misterioso*. Esta historia foi publicada de maneira póstuma e nela cóntase a interesante visita que o “sobriño” de Satanás fai a unha aldea de Austria en plena época medieval. Deixando á marxe as circunstancias que envolveron a elección da versión final da obra, a conclusión da súa lectura condúcenos, en certa medida, cara *El secreto de Barba Azul* e enlaza con *Las siete columnas* cando analiza o sentido da vida e do comportamento humano. A visión final do relato de Mark Twain

resulta terriblemente inquietante, tan inquietante como pode ser o remate da novela que nos ocupa:

É verdade o que che revelei; non hai Deus, nin universo, nin raza humana, nin vida terrestre, nin ceo, nin inferno. Todo é un sono... un sono grotesco e disparatado. Nada existe excepto ti. E ti non es máis que un *pensamento*... un pensamento errante, un pensamento inútil, un pensamento desamparado, vagando solitario entre as eternidades". (Twain, 2014, 174)

3. Aproximación á polémica dun premio a tres bandas

A pesar da boa acollida manifestada por una boa parte da crítica, o xurado do Premio Nacional de Literatura, modalidade narrativa, do ano 1927 viuse forzado a escoller tres novelas entre as 46 que se presentaron a concurso para conceder o seu galardón: *Tigre Juan*, de Ramón Pérez de Ayala, *Altar Mayor*, de Concha Espina e *Las siete columnas*. Ante as dúbidas suscitadas pola calidade das tres novelas, o premio (que consistía na suma de dez mil pesetas) repartiuse entre os tres nominados.

Velaquí a acta do xurado desta terceira edición, que tanto deu que falar a partir da súa publicación:

Ilmo. Sr.: Vista el acta del Jurado del Concurso Nacional de Novelas, concurso que fue convocado por Real orden del 7 de octubre de 1926 para conmemorar el natalicio de Cervantes y contribuir a la Fiesta del Libro Español.

Resultando que el Jurado que había de examinar las obras que se presentaron y emitir fallo quedó constituido por don Ricardo León, en representación de la Real Academia Española, don Andrés Ovejero, designado por el Claustro de la Facultad de Filosofía y Letras, y don Eduardo Marquina, por el Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes. Examinadas detenidamente las 46 obras presentadas, y por no haber unanimidad para la concesión del premio a una sola obra, y supuesta la posibilidad de división del premio (si la superioridad lo autoriza) acordóse por mayoría proponerlo así. Sobre este supuesto y habiendo obtenido para este caso del reparto tres votos la novela de Don Ramón Pérez de Ayala, dos votos la de doña Concha Espina y uno la de don Wenceslao Fernández Flórez, el jurado,

por mayoría, propone dividir la recompensa oficial entre las novelas Tigre Juan y Altar Mayor.

Considerando que habiendo anunciado en la convocatoria un premio de 10.000 pesetas, y no habiendo acuerdo en el Jurado para otorgarlo a una sola obra, por discrepar en su apreciación para la concesión del premio a una obra, es obvio que jurídicamente podría estimarse como desierto este concurso.

Considerando que para evitar que se declare así, el jurado propone la división del premio entre alguna de las obras, solución que por ser más equitativa por la alta autoridad literaria de los miembros del jurado y de las corporaciones que la designaron, y por haber sido aceptada anteriormente en algunos casos, puede admitirse en el presente con mayor razón cuanto en la convocatoria de este concurso no se ha prohibido expresamente, como en otras, la división o reparto del premio.

Considerando que a juicio del jurado hay tres obras que destacan por su mérito y que lograron –siempre sobre el supuesto de que el premio pudiera repartirse– uno, dos y tres votos, por lo que dentro ya de la equidad, y sin sujeción al rigor jurídico que conduciría a considerar desierto el concurso, no hay inconveniente en que las tres novelas puedan participar del premio en la proporción que señalan los votos obtenidos por cada una, puesto que la que sólo obtuvo un voto es reputada como superior en merecimiento a las otras 43 que para nada se mencionan en el acta del jurado.

S. M. el Rey (q. D. g.), no queriendo privar de recompensa las tres obras que destacan por sus méritos y aprobando la división del premio propuesto por el jurado, se ha servido disponer lo siguiente:

Primero. Se divide el premio de 10.000 pesetas del Concurso de Novelas, concediéndose una de 5.000 a la obra *Tigre Juan*, de don Ramón Pérez de Ayala; otro de 3.000 a la novela titulada *Altar Mayor*, de Concha Espina, y otro de 2.000 a la que lleva por título *Las siete columnas*, de don Wenceslao Fernández Flórez.

Segundo. Las mencionadas cantidades serán abonadas a los interesados en la forma procedente, por la habilitación de este ministerio, de los fondos que para este fin le fueron librados por Real orden de 3 de febrero último, procedentes del capítulo 14, artículo 3.º, concepto 7.º “Concursos Nacionales”, del presupuesto vigente en este departamento.

De Real orden los digo a V.I. para su conocimiento y efectos: Dios guarde a V.I. muchos años. Madrid, 21 de marzo de 1927.- Callejo, señor director de Bellas Artes.

A concesión do premio por triplicado tivo consecuencias inmediatas, entre as que cabe destacar as reaccións de Ricardo Baeza, crítico literario do periódico *El Sol*, que discrepando totalmente co fallo do xurado apostaba por conceder o premio íntegro a Pérez de Ayala. Ante este comentario, Concha Espina, que en varias ocasións foi candidata finalista ao premio Nobel, enviou unha carta de protesta ao diario *La Nación* na que manifestaba a súa indignación polas palabras de Baeza ao mesmo tempo que anunciaba o seu propósito de renunciar á contía económica do devandito premio.

O fallo do xurado estivo marcado, sen dúbida, pola polémica. Eduardo Marquina, segundo indican en *La correspondencia de Valencia*, do 17 de febreiro de 1927, insiste en que el acudiu á reunión do xurado sinceramente convencido de que o premio debería ser para a novela *Tigre Juan*, de Pérez de Ayala. A breve nota do xornal apunta a que entre os concursantes parece que se van presentar protestas e, tamén, entre outras persoas cuxa identidade non desvela.

O 19 de marzo o Ministerio ofrece a solución ao conflito. O 21 de marzo faise pública a acta do xurado.

Durante máis dun mes, corren rumores polas rúas e polos cafés. Coméntase, especúlase e búscanse explicacións para o que sucede co Premio Nacional de Literatura.

O crítico Ricardo Baeza escribiu un artigo que se publicou en *El Sol* o 25 de marzo de 1927. Nel amosaba o seu descontento ante a decisión do xurado, que calificaba de incorrecta, ao dividir o importe do premio en tres partes, alegando que era unha ofensa para Pérez de Ayala que comparasen a súa obra coas de Concha Espina e Fernández Flórez. Con duras palabras defendía a victoria de Pérez de Ayala e isto supuxo a inmediata reacción por parte de Concha Espina, que enviou unha carta ao periódico *El Sol* en resposta ao artigo de Ricardo Baeza, mais o xornal non quixo facerse cargo da súa publicación.

Isto provocou que o enfado de Concha Espina aumentase e, buscando soporte en que facer pública

a súa resposta, enviou a mesma carta de protesta ao periódico *La Nación*.

O xornal *La Nación* vanagloriábase de “ver desfilar por estas columnas los nombres representativos de las más contradictorias tendencias políticas, literarias y sociales”. Así, aínda que non compartise a ideoloxía de Concha Espina, converteuse en voz da súa protesta o 28 de marzo de 1927. Na súa carta, a escritora arremetía duramente contra Ricardo Baeza:

Yo no soy, por lo visto, de los que la verbosidad de usted denomina *uno de los nuestros*; no tengo valedores ni vivo del *toma y daca*, del *hoy por ti...*, etc.; pero si usted me lo permite, formo parte de esa “desvalida minoría” a que usted se refiere con acentos condolidos en sus arbitrarias censuras al futuro resultado de Premio Nacional. (Espina, 1927)

Finalmente, a autora de *Altar Mayor* fixo pública a súa renuncia ao premio con estas palabras:

Y en esta crisis aguda de la virilidad literaria, cuando se solicitan pensiones de socorro para los dramaturgos más afortunados, cuando se piensa en regalar casas, por suscripción pública, a los autores más gananciosos, yo, mujer de la clase *desvalida*, renuncio a las pesetas, que según los temores de usted, se me conceden en el famoso Premio Nacional. (Espina, 1927)

E aínda continúa Concha Espina argumentando contra Baeza con rabia apenas contida. A escritora remata dicindo que coa súa renuncia aproveita a ocasión para evitar un maior escándalo.

Pola súa parte, Pérez de Ayala, nunha entrevista publicada en *La Nación*, o 29 de marzo de 1927, admite entre risas que “mi parte del premio no puedo renunciarla, porque ya he cobrado las cinco mil pesetas”. Pérez de Ayala comparte a opinión de Baeza: “Claro que, desde el punto jurídico, esos señores [do xurado] se han extralimitado en sus funciones, realizando algo para lo que no están debidamente autorizados. El concurso no puede declararse desierto ni fraccionar el premio”. Interrogado sobre a reacción de Concha Espina, o autor de *Tigre Juan* admite que a xustifica plenamente, aínda que nuns termos que, a día de hoxe, non serían admitidos como “políticamente correctos”. Di Pérez de Ayala

que os escritores, por moi viriles que sexan tamén teñen algo de femininos. Que vai acontecer cando o escritor é muller? Conclúe Ayala por afirmar que non é digno dun cabaleiro discutir cunha dama. Aínda así, Pérez de Ayala manifesta certo grado de modestia ante o feito de que, se se presentasen a concurso tamén Azorín ou Baroja, el retiraría a súa candidatura ante estas dúas grandes figuras da literatura española.

Resulta curioso comprobar que, despois dunha primeira reunión do xurado, no que estaba Eduardo Marquina, este fala con Ayala para relatarlle a situación e recoméndalle que renuncie ao premio. Ayala, moi correctamente, argúe que non pode renunciar a compartir o premio, dado que podería ofenderse Concha Espina. E aínda engade: “al fin y al cabo, yo no puedo quejarme: en el escalafón literario del año 1926 me ha correspondido el número uno”. E, en referencia a Fernández Flórez, engade: “Si alguien puede quejarse, es Wenceslao... Menos mal que el premio Fastenrath dicen que será para él”.

Interrogado Wenceslao sobre o asunto, ofrece a seguinte resposta cando desde o periódico *La Libertad* lle preguntan a que atribúe o modo de facer o reparto: “Supongo –opina el humorista– que se ha tenido en cuenta el distinto tamaño de las tres obras: *Tigre Juan* es la más voluminosa; le sigue en tamaño *Altar Mayor* y la mía es la más pequeña...”

En resumo, compróbase que esta accidentada convocatoria estivo chea de comentarios de corredor e unha boa mostra diso son os artigos publicados noutros moitos periódicos do país dando conta desta situación tan propicia para escribir unha novela.

El Heraldo de Galicia, nun artigo publicado o 29 de marzo de 1927, definiu todo este suceso como un escándalo literario e describe algúns aspectos das deliberacións: “En los círculos literarios se dice que Marquina mantuvo su actitud (a favor de Pérez de Ayala), que Ricardo León votó en favor de Concha Espina y que el señor Ovejero se negó a conceder su voto a ninguno de los novelistas premiados”. En todo caso, indica que a reunión do xurado acabou por converterse nunha “larga y accidentada discusión”.

